

Pagando ao mes unha cantidade fixa

Comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito 43 €⁽¹⁾ que se suma ao capital e se paga na súa totalidade na primeira cota.

- TIN: 17,52 % anual.
- Límite de crédito 1.500 €.

Pagamento a prazos por unha cantidade fixa mensual: cada mes pagarás unha cantidade fixa mensual que incluíra o capital, os xuros íntegros do período e as comisións íntegras devindicadas no período de liquidación. O importe mínimo mensual é de 12 € e poderá escoller calquera cantidade superior.

Se escolle a forma de pagamento Cota fixa, data de pagamento do recibo o día 5 do mes seguinte á liquidación, o límite de crédito da súa tarxeta é de 1.500 € e realiza unha única compra por este importe, no mesmo día en que contrata a tarxeta (por exemplo no día 1 de maio), ao tipo de xuro nominal anual do 17,52 % e cunha cota mensual de 145 euros (compreensiva de capital, xuros e comisións), informámolo/a do que pagará:

- 11 cotas de 145 euros. A primeira cota inclúe o importe total da comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito, que é de 43 €, polo que vostede amortiza menos capital do importe total disposto. Esta comisión líquídase no día 20 do mes.
- Unha última cota de 97,5 €.
- O importe total que haberá que pagar será de 1.692,50 € e a **TAE resultante será do 25,41 %**.

A data de liquidación da cota mensual é o día 20 de cada mes, pero se vostede escolleu pagar o recibo no día 5 pagará xuros por esa cota desde a data de liquidación ata a data de pagamento.

Se non tivese que pagar a comisión anual por emisión e mantemento da tarxeta de crédito segundo os requisitos, o importe total que tería que pagar en 12 meses sería de 1.642,04 € (11 cotas de 145 € e unha última de 47,04 €) e a **TAE sería de 18,95 %**.

A cantidade fixa mensual non poderá ser inferior ao 3 % do saldo disposto que reflecta o extracto da "conta de tarxeta de crédito" antes da liquidación, máis os xuros xerados e as comisións correspondentes durante o período mensual de liquidación correspondente.

Pagamento personalizado con xuros

- Comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito de 43 €⁽¹⁾.
- TIN: 18 % anual.
- Límite de crédito 1.500 €.

Se o límite de crédito da súa tarxeta é de 1.500 €, realiza unha compra pola totalidade do límite no mesmo día en que contrata a tarxeta (por exemplo, no día 1 de maio) e escolle pagalo en **12 meses**, informámolo/a de que pagará:

- a primeira cota será de 65,93 euros, inclúe só xuros e o importe íntegro da comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito, que é de 43 €.
- As seguintes 11 cotas serán de 148,94 € cada unha.
- O importe total que haberá que pagar será de 1.704,27 euros e a **TAE resultante será do 25,87 %**.
- Se non tivese que pagar a comisión anual por emisión e mantemento da tarxeta de crédito segundo os requisitos, o importe total que tería que pagar en 12 meses sería de 1.661,27 € e a **TAE sería de 19,63 %**.

Pagamento personalizado con comisión

- **Comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito de 43 €⁽¹⁾.**
- **Comisión por adiamento:** 2,9 %, 3,6 % 4,3 % ou 5 % sobre o importe adiado segundo o prazo elixido en 3, 4, 5 ou 6 meses.
- **Límite de crédito 1.500 €.**

A seguir detállanse os exemplos do pagamento personalizado con comisión de 3 a 6 meses, xa que representan as TAE máximas e mínimas respectivamente. O TIN en todos os casos é o 0 %.

Se o límite de crédito da súa tarxeta é de 1.500 €, realiza unha compra por esa cantidade no mesmo día en que contrata a tarxeta (por exemplo, no día 1 de maio) e escolle pagalo en **6 meses**, informámolo/a do que pagará:

- A primeira cota será de 368 euros e inclúe a parte correspondente de capital, a comisión de xestión de adiamento, que é do 5 % do importe financiado, e o importe total da comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito, que é de 43 €.
- As seguintes 5 cotas serán de 250 euros cada unha.
- O importe total que haberá que pagar será de 1.618,00 e a **TAE resultante será do 31,96 %**.
- Se non tivese que pagar a comisión anual por emisión e mantemento da tarxeta de crédito (consulte as condicións), o importe total que tería pagar en **6 meses** sería de 1.575,00 € e a **TAE sería do 19,07 %**.

Se o límite de crédito da súa tarxeta é de 1.500 €, realiza unha compra por esa cantidade no mesmo día en que contrata a tarxeta (por exemplo, no día 1 de maio) e escolle pagalo en **3 meses**, informámolo/a do que pagará:

- A primeira cota será de 586,50 € e incluírá a parte correspondente de capital, a comisión de xestión de adiamento, que é do 2,9 % do importe financiado, e o importe total da comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta, que é de 43 €.
- As seguintes 2 cotas serán de 500 euros cada unha.
- O importe total que haberá que pagar será de 1.586,50 € e a TAE: 41,99%.
- Se non tivese que pagar a comisión anual por emisión e mantemento da tarxeta de crédito (consulte as condicións), o importe total que tería que pagar en **3 meses** sería de 1.543,50 € e a TAE de 19,23 %.

Este sistema é de aplicación específica a cada liquidación concreta para o que se solicitase.

(1) Consulta os requisitos para a exención da comisión anual por emisión e mantemento no teu contrato de conta.